



ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

CONVENIO Nº 36007552-CSSEA01-001-116

Dunha parte:

D/Dª Verónica Rodríguez Vicente, con DNI █████9863███ como director/a do centro educativo CFP A Granxa, código de centro 36007552, localizado en Ponteareas (San Miguel), provincia de Pontevedra, Rúa Areas, s/n (Apdo. 7), código postal 36860, código de identificación fiscal Q8655200G, teléfono 886120880, correo cfp.granxa@edu.xunta.gal

e doutra:

D/Dª Ángeles Vázquez Mejuto como representante legal da ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, localizada en Santiago de Compostela, provincia de Coruña (A), PRAZA CAMILO DÍAZ BALIÑO, 7-9 , código postal 15781, código de identificación fiscal Q1500378C, teléfono 981544348, correo xerencia.augas@xunta.gal

EXPOÑEN

Que ambas as partes se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxectivo do presente convenio é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo, dirixido ao alumnado de formación profesional específica.

Que a devandita colaboración se fundamenta xuridicamente no artigo 42, número 2, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de ordenación xeral do sistema educativo (LOE) modificada pola LOMLOE (BOE núm. 340, do 30 de decembro de 2020).

ACORDAN

Subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros de traballo, de acordo coa normativa vixente emitida pola Dirección Xeral de Formación Profesional para o curso escolar 2024/2025, por parte do alumnado e correspondente ás ensinanzas que se recollen deseguido, que ambas as partes coñecen e acatan, e de conformidade coas cláusulas que figuran no reverso deste documento.

DENOMINACIÓN DA ENSINANZA		Educación e control ambiental			CÓDIGO CSSEA01	
TITOR DO CENTRO EDUCATIVO D/Dª ██████████						
APELIDOS E NOME	DNI	NÚMERO HORAS	HORARIO ESPECIAL *	PERIODO DE REALIZACIÓN DAS PRACTICAS		
				DATA DE INICIO	DATA FINALIZACIÓN	
██████████	████6195██	384		03/04/2025	12/06/2025	

* F: Fin de Semana / Festivo; N: Nocturno

Ao presente convenio incorporárasele a programación de actividades formativas para desenvolver polo alumnado nos centros de traballo.

Asinado dixitalmente	
<p>O/A DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO Firmado por ***9863** VERÓNICA RODRÍGUEZ (R: ****5200*) el día 28/03/2025 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA POR NATURAL PERSONS - 2016 Concorda co orixinal</p> <p>Asdo: Verónica Rodríguez Vicente</p>	<p>OS/AS REPRESENTANTES DO CENTRO DE TRABALLO</p> <p>Asdo: Ángeles Vázquez Mejuto</p>

(Cláusulas do convenio na páxina 2)

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado que figura no presente convenio desenvolverá as actividades formativas programadas (anexo II) nos locais do centro de traballo ou, de ser o caso, naqueles lugares nos que a empresa titular do centro de traballo desenvolve a súa actividade productiva, sen que isto implique relación laboral ningunha coa empresa.

Durante o tempo que duren as actividades formativas o alumnado estará dado de alta na Seguridade Social tal e como establece a disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei da Seguridade Social, que determina a inclusión, e os termos desta, no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas que inclúen as realizadas polo alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asumirá a xestión centralizada e o custo económico desta medida.

Segunda.- A empresa comprométese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto co titor do centro educativo, á revisión da programación se fose necesario, unha vez iniciado o período de prácticas e á vista dos resultados.

Terceira.- Cada alumno disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado pola persoa responsable da empresa en colaboración co titor do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas na empresa, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cubrirá a persoa responsable na empresa.

Cuarta.- A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo, que garantirá a orientación e consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesor-titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ao profesor-titor do centro educativo o acceso á empresa e as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

Quinta.- No caso de alumnado menor de idade a empresa comprométese a exixir á persoa titora responsable do alumnado e, de ser o caso, aos/as traballadores/as que vaian ter un contacto habitual con este alumnado unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do código civil e da Lei de axuízamento civil, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Sexta.- A empresa ou entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas na empresa, salvo que se estableza para o efecto unha relación laboral de contraprestación económica por servizos contratados. Neste caso, considerase que o/a alumno/a abandona o programa formativo no centro de traballo, feito este que a empresa ou institución colaboradora lle deberá comunicar á dirección do centro escolar, quen pola súa vez lle comunicará á departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Sétima.- O alumnado non percibirá do centro de traballo ningunha cantidade pola realización das actividades formativas.

Oitava.- O presente convenio poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a) Cesamento de actividades do centro docente, da empresa ou da institución colaboradora.
- b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas, ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
- d) Mutuo acordo entre o centro docente, adoptado pola súa dirección, e a empresa ou institución colaboradora. Igualmente, poderase rescindir para un alumno, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no convenio por decisión unilateral do centro, da empresa ou institución colaboradora, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:
 - e) Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
 - f) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o centro docente deberá informar ao departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da extinción ou rescisión dos convenios específicos de colaboración en calquera dos casos, e esta, pola súa vez, o comunicarllo á Inspección Provincial de Traballo. Así mesmo, os representantes dos traballadores dos centros de traballo serán informados do contido deste convenio de colaboración.

Novena.- Calquera eventualidade de accidente que se puidese producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos da mutualidade de tal seguro; todo iso sen prexuízo da póliza que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poida subscribir como seguro adicional para mellorar indemnizacións, cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil naquelas ensinanzas sostidas con fondos públicos.

Décima.- En todo momento, o alumnado irá provisto do DNI.

Undécima.- Os departamentos territoriais da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional remitirán á Inspección de Traballo unha copia do presente convenio.

Duodécima.- A duración deste convenio é a prevista no período de realización das prácticas, e considérase improrrogable.

Decimoterceira.- Confidencialidade e protección de datos persoais

1. Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través do centro educativo referenciado, ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante aquela o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a empresa asinante ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través da dirección sinalada no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos) respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. As partes asinantes comprométese a respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter a debida confidencialidade e reserva sobre todos os datos e informacións facilitados pola outra parte e que sexan concernentes á execución do obxecto do presente convenio.

Así mesmo, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito do presente convenio e para as finalidades previstas nel;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que as partes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

3. As partes obríganse ao cumprimento do previsto no Regulamento xeral de protección de datos (en diante, RXPDP); e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A estes efectos, as entidades asinantes do convenio terán a consideración, cada unha delas, de responsables do tratamento dos datos persoais que respectivamente soliciten do alumnado ou as súas familias para o programa de formación en centros de traballo obxecto deste convenio. En particular, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, terá a consideración de responsable do tratamento dos datos recadados polo centro educativo de referencia dependente de aquela.

O acceso por parte dunha das entidades asinantes aos datos persoais dos que resulte responsable do tratamento a outra parte, levarase a cabo en base ao cumprimento dunha misión realizada en interese público e ao cumprimento dunha obriga legal, única e exclusivamente coa finalidade de xestionar a realización da formación no centro de traballo correspondente. Estas bases lexitimadoras do tratamento dos datos persoais fundaméntanse no disposto na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación e na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional. No caso de que fose necesario recadar datos persoais de categorías especiais como os relativos á saúde, o seu tratamento xustificárase no interese público esencial (artigo 9.2 g) do RXPDP. Ademais do acceso referido anteriormente, os datos persoais unicamente poderán ser comunicados a outras Administracións públicas de ámbito estatal, autonómico ou local, cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias e aos correspondentes encargados do tratamento, sen prexuízo daquelas outras que puidesen derivarse do cumprimento da lexislación vixente.

4. Os responsables do tratamento cumprirán coas obrigacións de información establecidas nos artigos 13 e 14 do RXPDP en relación coas persoas afectadas polo tratamento de datos que realicen para dar cumprimento a este convenio.

5. As partes asinantes están obrigadas a implantar medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco e integridade dos datos persoais e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. En todo caso, implantarán as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.
- Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.



PLAN INDIVIDUALIZADO DE FCT

Alumno/a		Período
[REDACTED]		03/04/2025 - 12/06/2025
Denominación da ensinanza	Código da ensinanza	Nº de horas FCT
Educación e control ambiental	CSSEA01	384
Centro de traballo	Titores/as centro de traballo	
ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA	[REDACTED]	
Centro educativo	Profesor/a titor/a	
CIFP A Granxa	[REDACTED]	

Capacidades terminais/resultados de aprendizaxe e actividades formativas/criterios de avaliación.

Desmarcar aquelas que non van ser realizadas

RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa en relación co tipo de servizo que preste.

Adquirida

- CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.
- CA1.2. Comparouse a estrutura da empresa coas organizacións empresariais tipo do sector.
- CA1.3. Relacionáronse as características do servizo e o tipo de clientes co desenvolvemento da actividade empresarial.
- CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.
- CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.
- CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.

RA2. Aplica hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.

Adquirida

- CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse: Disposición persoal e temporal que necesita o posto de traballo. Actitudes persoais (puntualidade, empatía etc.) e profesionais (orde, seguridade e hixiene no posto de traballo, responsabilidade etc.). Requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional e as medidas de protección persoal. Requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional. Dinámica relacional con respecto ao equipo de traballo e á estrutura xerárquica establecida na empresa. Actitudes relacionadas coa documentación das actividades realizadas no ámbito laboral. Necesidades formativas específicas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer.
- CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.
- CA2.3. Puxéronse en marcha os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.
- CA2.4. Mantívose unha actitude de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas.
- CA2.5. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.
- CA2.6. Responsabilizouse do traballo asignado, e interpretou e cumpriu as instrucións recibidas.
- CA2.7. Estableceuse unha comunicación eficaz coa persoa responsable en cada situación e cos membros do equipo.

Capacidades terminais/resultados de aprendizaxe e actividades formativas/criterios de avaliación.

Desmarcar aquelas que non van ser realizadas

- | | |
|--|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> CA2.8. Coordinouse co resto do equipo e comunicou as incidencias salientables. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA2.9. Valorouse a importancia da actividade e a necesidade de adaptación aos cambios de tarefas. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA2.10. Responsabilizouse da aplicación das normas e dos procedementos no desenvolvemento do seu traballo. | <input type="checkbox"/> |

RA3. Realiza actividades de informador ambiental, de acordo cos procedementos establecidos e colaborando co equipo responsable. **Adquirida**

- | | |
|--|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.1. Interpretáronse e asumíronse os procedementos de traballo establecidos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.2. Identificáronse os arquivos e os fondos documentais para acceder á información ambiental. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.3. Arquivouse a documentación ambiental en distintos medios e formatos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.4. Seleccionouse a documentación apropiada para difundir a información ambiental. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.5. Colaborouse na elaboración de actividades e soportes informativos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.6. Organizáronse medios e soportes para realizar a información ambiental. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.7. Transmitíuselles a información aos usuarios de xeito claro e preciso, seguindo as normas da empresa ou da organización. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA3.8. Utilizáronse diversos tipos de linguaxe para realizar unha boa comunicación de difusión ambiental. | <input type="checkbox"/> |

RA4. Realiza actividades de educación ambiental de acordo coas instrucións dos programas establecidos. **Adquirida**

- | | |
|--|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.1. Identificáronse as características propias da empresa e dos programas que desenvolven. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.2. Obtívose información para a elaboración de actividades. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.3. Propuxéronse actividades adaptadas ao contexto e ao grupo de persoas a que se dirixen os programas establecidos na empresa. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.4. Seleccionáronse as estratexias de intervención acordes cos obxectivos marcados nos programas. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.5. Fíxose unha distribución temporal das fases de actuación previstas na execución dos programas. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.6. Definíronse os instrumentos de avaliación. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.7. Executáronse actividades de avaliación aplicando os instrumentos definidos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.8. Elaboráronse informes das intervencións realizadas. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA4.9. Reflexionouse sobre a propia intervención, o carácter multidisciplinar e o traballo en equipo en que se colaborara. | <input type="checkbox"/> |

RA5. Deseña itinerarios e percorridos de acordo coas normas e as instrucións establecidas. **Adquirida**

- | | |
|---|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> CA5.1. Identificouse a información para a elaboración de itinerarios e percorridos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA5.2. Seleccionáronse os procedementos que cumpra aplicar no deseño, así como as fontes cartográficas que se vaian utilizar. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA5.3. Informouse das peculiaridades e das características do itinerario en función das persoas usuarias. | <input type="checkbox"/> |

Desmarcar aquelas que non van ser realizadas

- | | |
|---|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> CA5.4. Propúxose, mediante representacións gráficas, o deseño do itinerario. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA5.5. Avaliouse in situ o itinerario proposto, para identificar posibles continxencias no desenvolvemento do percorrido. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA5.6. Elaboráronse informes das intervencións realizadas. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA5.7. Colaborouse na elaboración de folletos divulgativos para difundir a información dos itinerarios propostos. | <input type="checkbox"/> |

RA6. Elabora e realiza actividades de uso público e de guía-intérprete en áreas rurais e espazos naturais, de acordo coas instrucións establecidas.

Adquirida

- | | |
|---|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.1. Caracterizáronse as actividades de uso público a partir da flora, a fauna, a paisaxe e o patrimonio dunha área. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.2. Identificouse o patrimonio natural e histórico dun espazo. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.3. Seleccionáronse os materiais de construción e os métodos de obras e acondicionamento máis acordes coa área natural. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.4. Identificáronse as zonas máis adecuadas para guiar visitantes nun espazo natural. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.5. Identificáronse correctamente as infraccións que se poden producir nun espazo natural, de acordo coa normativa. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.6. Elaborouse correctamente un informe de infracción. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.7. Recoñecéronse os contaminantes no medio físico de espazos naturais. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.8. Aplicáronse os protocolos adecuados para a toma de mostras de verteduras e residuos nun espazo natural. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.9. Interpretáronse os resultados das análises realizadas. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA6.10. Caracterizouse unha vía pecuaria ou un camiño histórico no espazo natural, delimitouse e analizouse o seu estado de conservación. | <input type="checkbox"/> |

RA7. Colabora na implantación, o desenvolvemento e o mantemento do sistema de xestión ambiental da empresa ou do organismo.

Adquirida

- | | |
|---|--------------------------|
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.1. Identificáronse os focos de contaminación ambiental. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.2. Tomáronse mostras para a súa análise e a súa valoración. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.3. Identificouse a lexislación referente aos límites de cada contaminante. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.4. Interpretáronse os resultados analíticos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.5. Avaliáronse os aspectos ambientais, seguindo os criterios establecidos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.6. Realizáronse propostas de medidas correctoras. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.7. Xerarquizáronse os aspectos ambientais, destacando os que resulten máis significativos. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.8. Comparáronse os aspectos ambientais avaliados cos resultados obtidos en períodos anteriores. | <input type="checkbox"/> |
| <input checked="" type="checkbox"/> CA7.9. Valorouse a mellora ambiental da organización ao longo do tempo. | <input type="checkbox"/> |

Valoración empresa

Favorable

Non favorable

Titores/as do centro de traballo:

Profesor/a titor/a

[Redacted signature]

[Redacted signature]
